



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DE GALICIA DUN EPISODIO DE VAGA DE CALOR

DATA DE ENVÍO: 27/06/2015

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: NIVEL 1 (AMARELO)

A Dirección xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, no marco do "Plan de Actuacións da Xunta de Galicia fronte aos posibles efectos das altas temperaturas sobre a saúde" informa dun **episodio de vaga de calor** a partir do sábado día 28 de xuño, **de nivel 1 AMARELO (baixo risco)**. Este fenómeno **afectará a toda Galicia** ata o martes día 1 de xullo, de maneira heteroxénea nas diferentes zonas.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións, transmitindo e informando a cidadanía que participe en eventos, do tipo que sexa, das medidas de autoprotección que deben adoptar.

SE CHEGAN A DARSE AS PREDICIÓNS, PRODUCÍNDOSE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENCIA DEBERÁ INFORMAR A ESTE CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es

